

ELAS LEMBRAN.....

▪ INTRODUCCIÓN

A Guerra Civil española foi un conflito bélico que se desenvolveu entre 1936 ata 1939. A consecuencia do mesmo, desapareceu o réxime democrático da Segunda República, e instaurou unha ditadura fascista coñecida como “franquismo” debido ó seu líder: Francisco Franco, que continuará ata 1975 coa morte de caudillo.

Na etapa inmediata da posguerra, a poboación civil conviviu nun estado de continuo enfrontamento entre amigos e familiares xa á marxe do campo de batalla. O ar de medo, desconfianza e envexas que acababan nos peores desenlaces provocaban unha situación de inestabilidade e malestar do que hoxe en día, a pesar da cantidade de información que posuímos, é difícil de coñecer.

A oportunidade de entrevistar e escoitar a numerosas mulleres que viviron, dunha maneira máis ou menos intensa os efectos destes acontecementos, lévanos a descubrir diferentes puntos de vista; xa tanto dende o exilio como na propia España coa educación, relixión... a realidade daqueles anos.

▪ A HISTORIA DE MARÍA

En primeiro lugar, tiven a oportunidade de coñecer máis profundamente a historia de María, unha veciña de Rubiá que naceu no 1927 e tivo que emigrar cara América para “*poder vivir*”.

María era a terceira irmá dunha familia de 5. Con tan só 8 anos tivo que comezar a coidar da casa e dos seus irmáns xa que durante o parto do último, a súa nai faleceu. O seu pai, tras un tempo, volveu casar e tivo outros 2 fillos.

Procedía dunha familia humilde que traballaba día a día para cubrir as necesidades máis simples coma ter unha cunca de leite con castañas para cear. Nesa época, todo o mundo podía ir á escola. Non había leis que o prohibiran mais, María conta que non eran necesarias. A obriga de levantarse, acender a cociña, levar o gando, amañar a casa, facer a comida... ía antes que a educación. Se coincidía que tiñas algo de tempo libre, entón si que cho podían permitir.

A POSGUERRA: A VIDA DAS NOSAS MULLERES

A medida que crecían, todos comezaban a aportar cartos para o fogar. Comentou a anécdota de Conchita, a súa irmá maior. Era tan baixiña (140 cm) que non podía nin co cesto da roupa. De feito, foi a primeira en limpar a casa duns señoritos da vila. Ao parecer deixaba os fornos do pan como novos. Ademais, cosía moi ben e aproveitaba as albardas vellas dos burros para facer as solas dos zapatos, que recubría con anacos de sabas vellas.

O principal pesar desta familia era o seu pai. A súa ideoloxía era contraria ó réxime polo que só conseguía traballar no campo (na sega). Cando María tiña 15 anos o seu pai faleceu, quedando ó coidado da madrasta e do seu irmán Curro, que asumiu o papel de responsable da familia.

Os domingos despois da misa (que era obrigatoria) saían a dar un paseo pero sempre debían ir acompañadas. Nunca podían quedar soas, e menos cun home. Un rapaz do barrio comezou a cortexar a María con tan só 16 anos. Berráballe dunha ventá á outra e cantáballe cancións ata que o irmán o descubriu. Prohibiulle saír con el xa que lle tiña concretado o casamento cun home comerciante amigo del.

A pesar disto, el seguiu seducíndoa e ata falou coa madrasta para poder saír con ela. A solución do irmán, que era un covarde, foi pegarlle tan fortemente a María que o pouco diñeiro que tiña aforrado tivo que gastalo no médico para que a curara (tiña 17 anos).

Ó mes da agresión, (18 anos) partiu para o Brasil cunha maletíña de madeira que levaba dentro unha única muda. A pasaxe conseguírona a través do amo de Conchita, que tiña familia no Brasil. Pagáronllo entre todas as irmás co fin de salvara do seu propio irmán e para que non tivera que casar simplemente por interese.

Cando chegou ao Brasil tiña encomendada unha casa para que traballara como criada. Non durou moito tempo. Despois mudou para outra onde era ama de chaves (xefa dos criados; algo digno de envexar na época).

Tras un tempo coñeceu a Bruno. Traballaba en hoteis e era italiano. Estivo combatendo na II Guerra Mundial. Foron noivos uns 4 meses e casaron dunha forma moi modesta. Sempre recorda “*Eu cheguei pura ao matrimonio*”, indispensable na época.

A POSGUERRA: A VIDA DAS NOSAS MULLERES

Do Brasil marcharon a vivir para Italia mais non era bo lugar (consecuencia da IIGM) polo que partiron cara a Alemaña. Alí intentaron ter familia pero non podían. Todos pensaban que era ela a que tiña algún problema. Fixéronlle moitas probas das que non quere nin acordarse. Bruno negábase a facelas (“*era cousa de mulleres*”) ata que os médicos concluíron que non era ela. A esterilidade debíase ás diversas feridas de guerra que el tiña.

Gañaron moito diñeiro. Ela era gobernanta dun hotel e el, xefe de técnicos nunha fábrica. Con todo, falaban alemán, italiano e portugués.

Decidiron volver ás súas raíces. Italia continuaba “desfeita” polo que volveron para España, fixeron unha casa e tras un tempo; Bruno faleceu de cancro quedando María viúva aos 56 anos.

Esta gran experiencia persoal que María tivo a amabilidade de compartir connosco non é máis ca unha das miles e miles de historias que forman parte da nosa cultura e tradición. Resume perfectamente a situación dunha muller naqueles anos onde o deber familiar ía por diante da educación; hoxe en día fundamental. Non era de estrañar que se fose analfabeto.

“*A muller é inferior*”, non era un pensamento, senón unha realidade. Ademais de non ter ningún tipo de dereito que lle permitira participar en cuestións de carácter público; esta, estaba sometida ás decisións do varón que representaba a familia, xa ben fose o marido, pai ou irmán...

E no ámbito laboral eran moi poucos aqueles traballos que puidesen desempeñar fóra do relacionado co carácter doméstico... _“*Eu..? Gobernanta dun hotel..? En España...?Nin en soños miña nina.*”

Xa son trágicos este tipo de argumentos, canto menos imaxinar ter que partir, marchar, deixar atrás todo canto queres e coñeces, e migrar lonxe, cara lugares que descoñeces. Hoxe en día saber idiomas está moi valorado. Pensaríanos desta maneira estes/as valentes daquela? “*Non, miña nina non...*”

▪ A EDUCACIÓN

As diferentes mulleres entrevistadas fan fincapé no feito de que nun concello como Rubiá onde chegou a haber 4000 habitantes na década de 1940 existiran ata dezasete escolas.

A POSGUERRA: A VIDA DAS NOSAS MULLERES

Comentan que cada unha delas estaba formada por unha gran sala onde tan só a zona que estaba máis preto ao profesor contaba con pupitres. Como dicía Josefa: *“Eran cuatro pupitres para 100 rapaces...”*.

Ademais, cada escola estaba dividida por sexo e idade, a excepción dos poboados que só contaban con unha *“Eí había de todo... pequenos, grandes... eso si, todos sen pañales.”*

-Tiñades algún libro para estudar ou ler? -*“Ai... miña nina... non había cuartos para pagalos...”* *“Como era zona de pizarra era o que utilizábamos”* *“E tamén cantábamos as leccións ó profesor. Pobre daquel que non as soubera...”*: *“¿Cales son as virtudes teologais?... Son tres; fe, esperanza e caridade”*.

Algunhas tamén mencionaron *“O libro dos bos modais”* (exclusivo para mulleres) e a *“Enciclopedia Álvarez; Manual de Formación do Espírito Nacional”*. Os rapaces podían facer deporte mentres que elas quedaban *“ó quente”* aprendendo a coser.

Era obrigatorio ir elegantes, cantar *“Cara ao sol”* e rezar antes de comezar a clase. Se preguntaban: *“Es Cristián?”* Debías responder: *“ Son cristián pola graza de Deus”* (limitaba totalmente o sentido crítico).

A relación co profesor era de absoluto terror/respecto. Se cometías algunha infracción, podían pegarche, dar coa regra nos cotobelos, insultarte... e incluso algunha comentou que unha vez o propio cura meteu as chaves entre os dedos, apertaba o puño e coma se fora normal apandabas cunha labazada.

Algo que captou moito a miña atención é que o 12 de outubro celebrábase o día da hispanidade e da raza.

▪ A RELIXIÓN

En canto a este tema como podemos observar, está presente en tódolos ámbitos.

A Relixión Cristiá Católica Apostólica era algo máis que unha crenza. Era un deber que todo o mundo debía respectar e aclamar.

A POSGUERRA: A VIDA DAS NOSAS MULLERES

-*“Dicían que Deus perdoa os pecados de todo ser humano, xa sexa un menciñeiro, ladrón ou asasino...”* comentou Rosalía, *“mais cando unha noute viñeron aqueles homes pra dar un paseo co meu pai, deixei de crer que ese home existía para axudarnos”* *“Aquela noute o meu padre despediuse sen dicir adeus”* *“iso tamén o perdoará..?”*

A figura do alcalde quedaba á sombra en canto aparecía o cura da parroquia.

-*“El tiña o poder”*. *“A poboación respectábao coma se fora un garda civil”* comentaba Tina. *“O día de San Antonio todos tiñamos que ofrecer algo do marrau en honor ó Santo e na cuaresma, pobre de ti que non comeses pescado... pero eu ben vin como Don Luís papaba un bon chourizo... e quen lle dicía algo?”*

A acción da igrexa e a imposición destas crenzas garantiu que a poboación fora manipulada, manexada coma monicreques cun medo constante a que o demo viñera unha noite e os levara. A educación é a clave para a súa liberación mais a ditadura firme e intolerante asegurou que iso non sucedera.

Inés Cao (2º Bac.B)